Diario de viaxe

Burgos, Victoria, Andorra, Francia e Salou 2010-2011

DÍA 1 CARRIL-ANDORRA (CANTABRIA)

O día 10 de abril á unha e media da mañá subian, depois das maletas, ao autobús de Pereira (un máis dos medios de transporte utilizados) , trinta e dous rapaces, dous condutores, tres profesores e mais alomenos dous *tomtons* con destino á Camarga. Pero o importante era a viaxe, non o destino.

Ás oito da mañá chegamos a Burgos. Recibíronnos o Cid, os Reis Católicos, Colón e… o *Homo antecesor* .Caída de mitos:nin vimos do mono, , nin os de Neardenthal eran parvos, pequenos ou brutos. En pouco máis de hora convencéronnos de que somos bastante máis primitivos do que cremos.

Despois de xantarmos na limpa e aireada Vitoria, saímos para Andorra.Tomton decide o camiño e descóbrenos a Francia profunda, ben diferente da que nosoutros contabamos visitar.Por momentos repetianse os indicadores e Foix afastábase. Andariamos cara atrás? Con todo quedamos agradecidos . Xa tarde chegamos a Andorra: cea fría e á cama

DIA 2 ANDORRA

O dia seguinte tróuxonos outra sorpresa: antes de ir á estación de Pal, Manolo levounos ao Col de la botella. Sentímonos pequeniños naquela inmensidade. Canto nos gustou!

Con esta agradable sensación baixamos a Pal para picniquear uns bocatas que nos souberon a gloria. Despois, o teleférico baixounos. Cumpríanos o tempo para as compras, cear cedo e ir relaxarnos a Caldea: as vacacións producen moito estrés.

DIA 3, ANDORRA-MONTPELLIER.

Xa é día 12. O autobús percorre terras francesas, A nosa primeira parada, unha sorpresa de Esther :Villepoire, viliña medieval cunha praza preciosa e unha igrexa cunha vidreiras espectaculares.

Xa non paramos ata chegar a Carcasona, de súpeto entrabamos nun decorado dun conto: as torres, as murallas, as rúas…Se cadra con demasiados tenderetes para os turistas e con demasiada xente.

Neste decorado comemos, e de novo, ao autobús: Béziers coa súa catedral –fortaleza coa memoria dos cataros alí asasinados e Montpellier co seu hotel agachado, estaban agardando por nós.

En Montpellier visitamos a facultade de medicina máis antiga do mundo, a súa praza da Comedia que nos cautivou , as súas rúas, mais a igrexa de S.Roque que somos de Vilagarcía.

Disfrutamos moito co paseo nocturno.

DÍA 4, MONTPELLIER-FIGUERES

Pero non podiamos parar: O día seguinte tiñamos unha axenda apretada: primeiro Nîmes coa súa *maison carrée* e o seu anfiteatro, hoxe monumental praza de touros; logo, Arles, que tamén ten anfiteatro,e unha cidade antiga que vimos desde o tren chuchú (vamos a la playa, oh.oh,oh,oh) e un inmenso río que nós perseguiriamos ata a súa desembocadura: O Ródano.

E así chegamos á Camarga e tocounos usar o último transporte: todos de a cabalo.

Para moitos , a primeira experiencia; para todos unha ocasión de se adentrar algo nas marismas do delta do Ródano e ver os flamencos rosas, as polas de auga, garzas e garcetas ..e rir, rir moito , tanto as amazonas coma os cabaleiros, disfrutaron da paisaxe e loitaron cuns cabalos que facían un pouco o que querían, pero que nos deixaron unhas maniotas ….

Despois de visitar a igrexa das Santas Marías e á Santa Sara, patroa dos xitanos, tan charramangueira ela, cruzamos de novo os Pirineos, durmimos en Figueres, a nosa seguinte estación: Na cea os rapaces aprenderon unha lección de vida que ten que ver coa explotación e o trato aos inmigrantes.

DIA 5, FIGUERES-SALOU.

Á mañá seguinte, apuradísima: Ampurias (as súas ruínas achegáronnos ás antigas civilizacións da man dunha guía simpática que tivo que facer o seu traballo a todo meter) e o museo do xenial Dali no que nos fomos perdendo descubrindo que aquilo era moito máis ca un museo. Só un problema, moitísimos visitantes que impedían gozar a tope da visita.

Comemos en Besalú, vila medieval que nos encantou, paseo por Girona: catedral pechada a cal e canto, as casas colgadas sobre o río Oña,… de novo ao autobús rumbo a Salou (estarían os ingleses?).Acabábase a parte cultural e empezaba … outra cousa.



Chegada ao hotel. Os rapaces encantados. Cea, ducha e todos guapos para a disco. Todos en Snoopies: nenos e nenas moi elegantes e profes de servicio de roupeiro. Pasámolo ben.

DIA 6, SALOU

E como todo chega con tal de non morrer, chegou o día Port Aventura. Todo o día para subir e baixar nos matraquillos.

Acabamos todos mollados (ben, todos non que Esther e mais Teresa coa escusa de quedaren coas cousas non subiron a nada) e asi,despois de usar o autobús de camerino, partimos a Reus e de novo a Salou: tiñamos que nos maquear para volver á disco.

DIA 7, SALOU-VILAGARCÍA

Pero todo se acaba. E o día 15 emprendemos a volta. A 80 Km de Zaragoza , o meridiano de Greenwich pillounos a todos durmindo. Daquela o seu tempo non existía. E asi entre sono e sono, fomos chegando a Vilagarcía. A verdade, viñamos moi cansos, pero moi contentos coas alforxas cheas de agasallos para a familia e de lembranzas e historias que contar.